

VIERNES, 25 de septiembre de 2009

ROLDA DAS LETRAS | LUCES

Pasou un verán raro, chega un outono quente

DOLORES VILAVEDRA | 25 SEP 2009

Archivado en: [Literatura](#) [Cultura](#)

Concordarán comigo en que este foi un verán raro, quizais como agoiro deste outono quente que xa se predicía. E así lles estivo tamén a cousa nos eidos literarios, rara, sen que ninguén ousase erguer moito a voz porque seica o forno non está para bolos. Por exemplo, non lles parece raro o pouco que se comentou a elección de Manuel Rivas como novo membro de número da Real Academia Galega (RAG)? Pareceu case clandestina. E, a verdade, tendo en conta que á ilustre institución non lle pasamos nin media, ben podíamos gabarlle un chisco desta volta a afouteza e a vontade de actualización.

Choca aínda máis este silenciamento nunha cultura como a nosa, tan personalista aínda, tan amiga de erguer santos nas peañas. Claro está que para acadar esa elevada condición hai que cumprir o imprescindible requisito de estar morto, algo que en Galicia sempre foi unha virtude. Decátanse, por poñer un caso, de canto se está a falar agora do poeta Manuel María? E por iso, por ese noso persoeirismo case compulsivo (que en boa parte se explica pola carencia de liderazgo que a nosa sociedade padeceu dende sempre), están a funcionar tan ben os epistolarios, as memorias e as biografías, modalidades todas elas adoito centradas na figura protagónica do Día das Letras Galegas. Isto foi o que aconteceu este ano tamén con Ramón Piñeiro, que sae reforzado como figura fulcral na historia do galeguismo de posguerra grazas a achegas tan fundamentais como a realizada por Xesús Alonso Montero en Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega, un texto tan singular e dialéctico coma o seu autor. Ben interesantes son tamén as cartas que Piñeiro intercambiou con Xosé Neira Vilas, que axiña aparecerán a carón doutras asinadas por vellos amigos do escritor de Memorias dun neno labrego. E para irlle pondo o ramo ao ano Piñeiro editáranse logo as que lle dirixiu a Xosé Luís Franco Grande, que prometen ser substanciosas.

- BIOGRAFÍA MONUMENTAL

Nesta liña de revalorización das grandes figuras da nosa historia chegou a nós este verán unha obra que só podemos calificar como monumental: Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades, de Luís Rei. Poucas biografías coñezo tan documentadas e, ao tempo, tan ben narradas. Mágoa que o intenso e rigoroso labor de investigación sen dúbida realizado polo seu autor non deixe pegada explícita no texto; isto é, se cadra por consello editorial optouse por non facer explícitas as fontes documentais profusamente manexadas, unha opción que, se por unha banda alixeira visualmente o texto, priva ao lector interesado da posibilidade de acceder pola súa propia conta a ese material. Ogallá esta obra modélica sirva de estímulo a outros investigadores: que a estas alturas carezamos aínda dunha biografía desta altura de figuras como Rosalía de Castro ou Castelao, por poñer dous casos, só se pode entender no contexto das carencias endémicas da nosa cultura. E velaí tamén o caso de Antón Zapata. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da Segunda República, de Miro Villar, para amosar que mesmo das investigacións académicas (a orixe primeira do libro atópase na tese de doutoramento do

seu autor, tamén poeta) poden agromar historias engaiolantes.

Pola súa abanda, algúns avisados como Carlos Mella, coñecendo a nosa necrofilia e temendo o que lles agarda cando xa non poidan falar, espabilan e déixannos a súa propia versión do seu vivir, non vaian vir logo outros a inventarlles lerias apócrifas: velaí o gratísimo *Memorias dun ninguén*, un libro delicioso ao que o único que se lle pode apór é a súa brevidade e moito máis afinado de ton, na miña opinión, que a súa primeira achega memorialística *Non somos inocentes* (1990).

-Proba de que os nosos gobernantes andan un chisco despistados témola no que sucedeu este verán coa tradución: suspéndense as axudas xusto no intre en que a práctica de importar grandes obras de actualidade se afianza, tanto nos planos editoriais como nos hábitos lectores. A liña de apostar pola continuidade á hora de anosar certos autores en determinadas empresas, tal e como está a suceder sucede con Paul Auster ou Haruki Murakami en Galaxia, resulta ben eficaz na fidelización dun lectorado cada vez máis e mellor orientado. Ogallá que a presenza de autores cataláns de arestora (Quim Monzó ou Sergie Pamiès en Xerais) se manteña pois ¡sen tempo non era! E non deixa de intrigarnos un chisquiño o erratismo editorial das sucesivas versións galegas do vasco Bernardo Atxaga, agora en Faktoría K con *Sete casas* en Francia, logo de pasar por Xerais con *O fillo do acordeonista* ou por Galaxia con *Dúas letters*. Será que os nosos editores andan á competencia ou terá máis que ver co oportunismo propio de tantos axentes literarios?

Entre as últimas novidades chegadas a nosa lingua dende outras máis ou menos afastadas querría agora salientar *O museo da inocencia* do premio Nobel turco Orhan Pamuk, unha historia de amor que é tamén un canto á memoria como motor da vida, organizada enunciativamente dun xeito orixinal, que permite unha narración distanciada abondo como para beirerar o risco latente do melodrama, pero á que quizais lle sobran, na parte central, algunhas páxinas que ralentizan de máis a acción.

En todo caso, resulta evidente en moitas instancias do noso sistema literario unha certa inqueda por visibilizar os libros, por situalos alí onde poidan chegar mellor a un número máis amplo de lectores. Quizais ese afán explique a ubicación da segunda edición da premiadísim peza teatral de Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*, na colección *Fóra de xogo* de Xerais, rescatando así dese reducto para especialistas no que adoitan converterse as coleccións teatrais un texto que nos ven lembrar, unha vez máis, que o teatro tamén se pode disfrutar por medio da lectura.

-Na narrativa funcionou ben *A praia dos afogados* de Domingo Villar. O verán é sempre un bo momento para o policial, pois a xente anda con ganas de lecturas entretidas e sen complicacións. Esta segunda visita de inspector Leo Caldas supera á primeira, en boa parte porque o protagonista vai gañando en densidade, e vai ficando mellor definida a relación que mantén co seu axudante. *A praia dos afogados* mellora consonte se avanza na lectura, e chega a provocar tal afección que sei de amigos campistas que foron instalarse en Nigrán para poder rastrexar no entorno as pegadas do inspector Caldas. Quen ía dicir que a literatura galega apodía funcionar como publicidade turística...

Pola contra, paréceme que decepcionou un chisco a prometedora *Monte Louro* de Luís Rei Núñez. Con todo, malia algunhas eivas na construción dunha complexísima intriga (por exemplo, pásase con excesiva celeridade pola adicción de Inés, o que fai que nos resulte inverosímil e arbitraria como recurso), a vontade totalizadora da novela, o pulo expansivo do conflito, a valentía do autor ao abordar temas espiñentos coma o da tolemia, e a brillantez con que están resoltas certas partes, converten esta obra en digna merecedora do Premio Blanco Amor que lle foi no seu día outorgado con entusiástica unanimidade por parte do xurado.

En fin, a ver se neste outono tan quente sube tamén a temperatura literaria coa chegada das agardadas novidades, que nestes días compiten nas librerías co efímero

protagonismo dos libros de texto: seguro que coa Erofanía. Triloxía poética. 1995-98, un volume que recolle os tres primeiros e celebrados poemarios de Yolanda Castaño (aqueles que a revelaron como unha voz persoal da poesía galega), o conseguimos. Iso, mentres non aparece unha novela cun título que parece máis ben un agoiro: Sol de inverno, de Rosa Aneiros, coa que obtivo o Premio Xerais xusto no abrente deste verán do que agora nos estamos a despedir xa cunha certa saudade.